



Concurso "Lugo emprende"

Mellores ideas de negocio

- **1º premio. "Branco e en botella".**
Autores: Javier Gómez Souto, Rocío López Juanes e Lucía Rodríguez Méndez.
Centro: CPI Uxío Novoneira de Pedrafita do Cebreiro.
- **2º premio. "COPI" (Centro de Orientación Profesional Infantil).**
Autores: Zaira Pontes Jordá e Paula Mazoy Cortiñas.
Centro: CEIP Luis Pimentel de Lugo.
- **3º premio. "Fábrica de iogures de Pedrafita do Cebreiro.**
Autores: Martín Gómez Souto e Patricia Montero López de 6º de Primaria do CEIP Uxío.
Centro: CPI Uxío Novoneira de Pedrafita do Cebreiro.

Mellores proxectos empresariais

- **1º premio. "Vino Mercedes SL".**
Autores: Raisa Fanego Vázquez, Natalia Rey Pintor, e Alba Mª Sangil de Andrés.
Centro: CIFP As Mercedes de Lugo.
- **2º premio. "Agro Energy".**
Autores: Diego Obarrio Palomo, Marcos Rego López, Javier Morán Gueimonde.
Centro: CIFP Politécnico de Lugo.
- **3º premio. "Tukio Eventos".**
Autores: Rocío Sanfiz Piñeiro e Jairo Vázquez Rodríguez.
Centro: CIFP As Mercedes.



eduemprende

Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia

A cultura emprendedora

Creatividade,
iniciativa e
responsabilidade

galicia



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Proxecto

Lugo emprende

O proxecto "Lugo emprende" pretende a sensibilización, a motivación, a capacitación e o fomento do espírito emprendedor no alumnado de 6º de primaria, ESO, bacharelato e formación profesional.

Está demostrado que a educación e a formación contribúen á creación dunha cultura emprendedora empezando polas idades máis temperás, ao fomentar entre o alumnado as calidades persoais que constitúen a base do espírito empresarial: a creatividade, a iniciativa, a responsabilidade, a capacidade de afrontar riscos e a autonomía persoal.

Os obxectivos do proxecto "Lugo emprende" son:

- Transmitir a cultura emprendedora ao alumnado da comarca de Lugo.
- Concienciar ao alumnado na opción profesional de "por conta propia".
- Proporcionar ao alumnado unha formación específica sobre como por en marcha unha empresa.
- Difundir e dar a coñecer á sociedade estas iniciativas e xerar sinerxías.
- Dar a coñecer á sociedade este tipo de actuacións.



Este proxecto vense a sumar ás moitas colaboracións entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Alcoa. Esta proposta enmárcase no Plan de Emprendemento do sistema educativo de Galicia **eduemprende**.

Eduemprende constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria lle transmitirá á comunidade educativa.

O obxectivo principal é o fomento do espírito emprendedor entre o alumnado coa finalidade de crear empresas na provincia de Lugo así como favorecer a responsabilidade e a autonomía persoal.

Está dirixido ao alumnado e profesorado dos niveis educativos 6º de educación primaria, ESO, bacharelato e formación profesional de 20 centros da provincia de Lugo. Entre os centros participantes atópanse aqueles que contan con viveiro de empresas como o CIFP As Mercedes, o CIFP Politécnico de Lugo e o CIFP Porta da Auga.

Institucións implicadas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coordina e organiza as actividades dirixidas tanto ao profesorado como ao alumnado facilitando a disposición dos espazos en colaboración cos centros educativos participantes.

A **Fundación Alcoa** proporciona a financiamento.

El Progreso divulgará todas as actuacións e resultados do proxecto.

Actividades desenvolvidas

Actividades de formación para o profesorado

- Responsabilidade e emprendemento social.
- Plan de empresa e patentes e marcas.
- Marketing on line.
- Motivación e presentacións de impacto.

Actividades de formación para o alumnado

- Xornadas de motivación.
- Presentacións de impacto.
- Marketing on line.
- Patentes e marcas.
- Plan de empresa.
- Emprender con éxito.
- Emprendemento social.
- Responsabilidade social.

Concurso para o fomento da creación de proxectos empresariais

- Redacción dunha idea de negocio: 6º de Educación primaria, 1º e 2º de ESO.
- Pequeno proxecto de empresa: 3º e 4º de ESO.
- Proxecto empresarial: Bacharelato e Formación Profesional.

Elaboración de material didáctico

- Vídeos e publicacións.



eduemprende

Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia

Proxecto

Lugo emprende